



■ **Obxectivos do curso**

O curso ten como obxectivos que os alumnos adquiren os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que lles capaciten para traballar nas disciplinas da ordenación do noso solo e responsabilizarse dos procesos de xestión do territorio. O estudo do urbanismo e a ordenación territorial farase partindo da normativa urbanística española estatal, facendo referencia, nos aspectos de maior interese, á normativa autonómica e, especialmente, á da Comunidade Autónoma galega.

Combina o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que no ámbito urbanístico é variada e complexa.

■ **Dirixido a**

Arquitectos interesados en ampliar os seus coñecementos cunha formación especializada no campo do urbanismo. Profesionais no exercicio do ámbito urbanístico que necesitan actualizar os seus coñecementos en xestión urbanística.

Persoal dss diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B que estea en posesión do título de licenciado, arquitecto, arquitecto técnico ou enxeñeiro

■ **Recoñecementos oficiais**

Este curso está homologado pola Escola Galega de Administración Pública.

■ **Dirección académica**

- Juan Raposo Arceo. Licenciado en Dereito Profesor de la UDC
- Elvira Carregado Pazos. Arquitecta.
- Ignacio Soto González. Arquitecto.

■ **Programa**

O programa articúlase en tres módulos temáticos que abarcan as diferentes disciplinas do dereito urbanístico dende unha perspectiva xeral, e que se completan cun cuarto módulo de Obradoiros, que é transversal a todos eles, no que se abordarán os traballos individuais que deben realizar os alumnos. O módulos en que se articula o curso son os seguintes:

MÓDULO I: A ESCALA TERRITORIAL.

MÓDULO II: O PLANEAMENTO URBANÍSTICO.

MÓDULO III: A EXECUCIÓN URBANÍSTICA.

MÓDULO IV: OBRADOIROS

■ **Traballos individuais**

Realizarase un traballo individual que versará sobre un estudo e análise ao redor de problemas técnicos, teorías ou políticas aplicadas para o coñecemento ou actuación sobre unha materia daquelas que constitúen o obxecto dalgunha dos contidos do programa. O seu nivel terá carácter de tese de investigación. O tema obxecto do traballo será proposto polo alumno, acompañándose dun guión de desenvolvemento.

■ **Calendario**

O curso desenvolverase entre o 1 de outubro de 2.015 e o 30 de xuño de 2.016..

As datas previstas para cada unha das xornadas indícanse a continuación, na información relativa á programación detallada de cada un dos módulos. Dita programación podería sufrir axustes por cuestións organizativas.

■ **Itinerario formativo**

Como novidade, a formación adquirida durante este curso poderase completar con dous módulos de especialización, dirixidos a tódolos alumnos que teñan cursado esta edición ou calquera das anteriores, que poderanse cursar de forma independente. En principio, e se ben a información relativa a contidos detallados, programa, relatores e inscricións correspondente a cada un deles publicarase no momento da súa posta en marcha, está previsto que nesta primeira edición se impartan os seguintes módulos de especialización:

- **MÓDULO I: DEREITO COMPARADO INTERNACIONAL**

1. Dereito comparado internacional. ASIA: China, Hong Kong, India, Birmania.
2. Dereito comparado internacional. Iberoamerica.
3. Dereito comparado internacional. Ambito ansajon: GB, USA, Cánada, Australia.
4. Dereito comparado internacional. Europa: Alemania, Francia, Italia y Portugal.

- **MODULO II: REXENERACIÓN DE CIUDADES E BARRIOS CONSOLIDADOS**

O módulo proposto pretende xustificar a necesidade de substituír os modelos urbanísticos mantidos no noso país durante o últimos ano, baseados fundamentalmente no desenvolvemento de novos chans e o malgasto de recursos, e reivindicar a cidade compacta tradicional como ámbito máis adecuado para a residencia humana no sigo XXI.



Para iso, mostrará tanto os obxectivos a alcanzar na rexeneración dos nosos centros urbanos como os procedementos básicos dispoñibles para iso.

Está orientado a persoas con algunha formación e/ou experiencia previa en materia de urbanismo ou xestión urbana.

Entre outras, o módulo fará referencia ás seguintes estratexias a aplicar:

1. Acordar un proxecto estratéxico de referencia, baseado nunha visión de futuro común.
2. Potenciar o tecido asociativo e crear estruturas de colaboración o máis amplas posible.
3. Promover proxectos de desenvolvemento local nas zonas en declive.
4. Conservar ou potenciar a coexistencia de usos e veciños propia da cidade compacta tradicional.
5. Mellorar os equipamentos urbanos.
6. Favorecer a continuidade dos servizos de proximidade e a reposición dos que desaparezan.
7. Mellorar a calidade ambiental do espazo público.
8. Aplicar criterios de sustentabilidade enerxética e de recursos en todas as intervencións, tanto na edificación como no espazo público.
9. Mellorar a accesibilidade para todo tipo de veciños.
10. Implantar medidas que reduzan as necesidades de desprazamentos.
11. Mellorar a seguridade e a imaxe da contorna.
12. Desenvolver un sistema de seguimento do proceso no que estean representados todos os axentes implicados.

MÓDULO I: A ESCALA TERRITORIAL

Os cambios económicos, sociais e ambientais que estamos a vivir supoñen novos desafíos nos ámbitos urbanístico e territorial para as cidades, rexións e países. Para favorecer un desenvolvemento económico social e medioambientalmente sustentable requírese tanto de adecuados instrumentos de planificación e xestión das cidades e do territorio, como de capacidades técnicas e profesionais para poñelos en marcha e mantelos constantemente actualizados. O resultado do proceso de planificación, deseño e xestión territorial condiciona profundamente a ordenación territorial das actividades humanas. Ademais, o contexto socioeconómico en que evolucionan os sistemas está fortemente regulado pola intervención dos axentes sociais, o que condiciona a marxe de manobra dos xestores.

O novo territorio debuxado pola globalización deu lugar a unha estrutura baseada na mobilidade espacial xerando problemas sociais e económicos derivados da exclusión que produce distancia espazo-temporal e a inexistencia de memoria emocional. Está a xeneralizarse a memoria inmediata: convertémonos nunha sociedade nómade que satisfai as súas necesidades en puntos concretos do espazo, lugares repetitivos e carentes de singularidade, interconectados por canles de transporte que pola cotidianeidade do seu uso practicamente temos invisibilizado.

O proceso de ordenación e xestión territorial está integrado por coñecementos e prácticas provenientes de campos científicos e praxes profesionais diversas que conflúen e combínanse nesta disciplina.

O obxectivo xeral do módulo é actualizar e perfeccionar coñecementos e habilidades para promover e xestionar o desenvolvemento sustentable de cidades e territorios desde unha visión multidisciplinar e integrada.



| Bloque I | A ordenación normativa do territorio |
|---|--|
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 01.10.2015</p> <p>Aldrey Vázquez, José Antonio 1. A ordenación do territorio: concepto e evolución histórica. 2. A ordenación do territorio e organización do territorio. 3. A ordenación do territorio na Comunidade Autónoma de Galicia: análise da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia. 4. Instrumentos de ordenación do territorio na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Presentación do obradoiro</p> |
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 08.10.2015</p> <p>Borobio Sanchiz, Manuel As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).</p> <p>Obradoiro</p> |
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 15.10.2015</p> <p>García García, Miriam Ordenación, planificación e xestión do litoral.</p> <p>Obradoiro</p> |
| Bloque II | Recoñecemento do territorio |
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 22.10.2015</p> <p>CastilloRodríguez, Francisco 1. O territorio como sistema integrado: a transformación do medio físico. 2. Información, diagnóstico e análise do medio natural.</p> <p>Obradoiro</p> |



| Bloque III | Instrumentos e técnicas de actuación territorial |
|-----------------------|--|
| Día 29.10.2015 | |
| 09.30 h - 14:00 h | José Daniel Turrado Sánchez 1. Sistemas de Información Xeográfica (SIX). 2. Metodoloxías de diagnóstico e análise territorial (elaboración de proxectos, análise estratéxica, prospectiva, etc.). 3. La avaliación da intervención no territorio. |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro |
| Día 05.11.2015 | |
| 09.30 h - 14:00 h | Melania Payán Perez 1. Desenvolvemento territorial e desenvolvemento urbán. Criterios de sustentabilidade. 2. A avaliación ambiental e a ordenación urbanística. 3. O medioambiente urbán. |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro |
| Día 12.11.2015 | |
| 09.30 h - 14:00 h | Cuchi i Burgos, Albert 1. A planificación do territorio en espazos sensibles ou vulnerables. 2. Os riscos naturais e antrópicos e a planificación territorial. 3. Os espazos naturais protexidos (ENP): problemas de planificación, uso e xestión. |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro |



| Bloque IV | Planificación territorial |
|---|--|
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 20.11.2015</p> <p>José Crespi Rodríguez 1. Da natureza á paisaxe: Reflexións en torno aos obxectivos da integración paisaxística. 2. Metodoloxía para o desenvolvemento do obradoiro de impacto e integración paisaxística. 3. Novos enfoques da planificación espacial</p> <p>Obradoiro</p> |
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 26.11.2015</p> <p>Juan Marcos Pérez Gulín Patrimonio e planificación territorial como instrumentos para outro desenvolvemento.</p> <p>Obradoiro</p> |
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 03.12.2015</p> <p>Requejo Liberal, Juan Ordenación territorial. Planificación territorial.</p> <p>Obradoiro</p> |
| <p>09.30 h – 14.00 h</p> <p>16:00 h – 19:00 h</p> <p>19:30h – 20:00 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 10.12.2015</p> <p>Exposición do traballo de análise territorial</p> <p>Andreas Hildenbrand Scheid 1.As infraestruturas 2.Transporte e tráfico urbán: urbanismo e transporte; mobilidade ; viario e tráfico; transporte público .</p> <p>Tato Camino, Xosé Manuel Novas ideas de Mobilidade</p> |



| Bloque V | Participación cidadana |
|-------------------|---|
| 09.30 h - 14:00 h | <p style="text-align: right;">Día 17.12.2015</p> <p>Agustin Hernandez Aja Participación cidadana na intervencion urbana A cidade dos cidadáns</p> <p>16.00 h – 20:30 h Obradoiro de participación cidadana</p> |
| 16.00 h – 20:30 h | |
| 09.30 h - 14:00 h | <p style="text-align: right;">Día 07.01.2016</p> <p>Paisaxe transversal As iniciativas de participación cidadana no urbanismo.</p> <p>16.00 h – 20:30 h Obradoiro de participación cidadana</p> |
| 16.00 h – 20:30 h | |
| 09.30 h - 14:00 h | <p style="text-align: right;">Día 14.01.2016</p> <p>Paisaxe transversal Cidadanía e espazo público</p> <p>16.00 h – 20:30 h Obradoiro de participación cidadana</p> |
| 16.00 h – 20:30 h | |

MÓDULO II: A PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA

Este módulo expón como núcleo esencial o plan urbanístico, onde se concretan as normas do uso do solo e a edificación.

Podemos afirmar que existe un progresivo proceso de perda de identidade do espazo urbano, tanto nos novos crecementos como nos espazos consolidados, nos que se trata de preservar a cidade herdada a través de xestións parciais e actuacións puntuais. Así mesmo obsérvase un crecente número de espazos intersticiais abandonados ou menosprezados; asociados fundamentalmente a contornas que perderon a súa función ou ás infraestruturas, que se invisibilizan por múltiples razóns e que compoñen unha rede de paisaxes esquecidas, fortemente degradados e nos que xorden problemas sociais, ambientais, que poden estenderse ás contornas próximas que teñen un importante valor paisaxístico.

É tamén obxectivo deste módulo a análise da regulación do urbanismo en Galicia, que ha ir cobrando especial complexidade nos últimos anos, como consecuencia do sistema de distribución competencial entre Estado e Comunidades Autónomas. Así mesmo, farase especial referencia á lexislación galega actual e á nova Lei do Solo estatal e a súa incidencia na lexislación urbanística galega.

Definense os principios xerais que rexen o urbanismo, así como o contido básico dos dereitos e deberes dos suxeitos afectados: cidadáns, propietarios e particulares en xeral que poden participar no proceso de transformación urbanística do chan.

Analizaranse as situacións básicas do solo segundo a nova Lei estatal e a clasificación do solo dacordo á normativa autonómica.

Por tanto, é de suma importancia a comprensión deste segundo módulo que, como introdución xeral ao dereito urbanístico e ao estatuto xurídico do dereito de propiedade, supón o asentamento dos primeiros coñecementos urbanísticos que son esenciais para a análise do resto das materias do curso.

O plan expónse como a base fundamental e necesaria de toda ordenación. Mediante os plans atribúese ao terreo unha capacidade inicial de edificación pero para a súa consolidación será necesario o cumprimento dunha serie de obrigacións e cargas que han de cumprirse no prazo previsto no propio plan.

Para iso propónse neste módulo o estudo do plan en tódalas súas dimensións territoriais, partindo da ordenación propia de ámbitos supramunicipais ata un estudo moito máis amplo, pormenorizado e completo da que en tódalas súas manifestacións localízase no municipio, analizando os criterios teóricos para a elección de figuras de plan municipal.

Así, o obxectivo principal deste módulo é o estudo pormenorizado e a comprensión dos documentos e contidos que manifestan as diferentes figuras de plan que se mostran e relacionan co desenvolvemento urbanístico municipal.



Bloque VI

Evolución histórica da Lexislación urbanística galega

| | | |
|-------------------|---|-----------------------|
| | | Día 21.01.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Uzal Tresandi, José Norberto 1. Evolución do urbanismo. A Lei do Solo de 12 de maio de 1956. As Reformas de 1975 e 1990. 2. O marco constitucional do urbanismo. 3. As leis urbanísticas posteriores á Constitución. O Texto Refundido de 1992. 4. A Sentenza 61/1997 do Tribunal Constitucional. 5. Principios e obxectivos xerais da nova Lei do Solo estatal. 6. Competencias do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais. 7. Lexislación urbanística galega 8. Outra lexislación sectorial de incidencia territorial | |
| 16.00 h – 20:30 h | Presentación segunda parte do obradoiro | |

Bloque VII

Rexime Urbanístico do solo: Principios Xerais

| | | |
|-------------------|---|-----------------------|
| | | Día 28.01.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Sobrino Rodríguez, Eduardo Ordenación do territorio e a súa conexión coa planificación urbanística. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |
| | | Día 04.02.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | María José Valenzuela Rodríguez 1. O dereito de propiedade do solo. 2. O Estatuto da propiedade do solo: facultades e deberes. 3. Solo urbano- Solo urbanizado. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |



| | | |
|--------------------|--|--|
| | | Día 11.02.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Rodríguez Andrade, Carmen Solo Rústico. Solo non urbanizado. 1. Réxime. 2. Categorias. 3. Condicións de uso. 4. Condicións de edificación. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |
| | | Día 18.02.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Soto González, Ignacio Solo de núcleo rural. 1. Réxime. 2. Dereitos e deberes. 3. Condicións de uso. 4. Condicións de edificación. 5. Categorias. | |
| 09.30 h - 14:00 h | Obradoiro | |
| | | |
| Bloque VIII | | Instrumentos de Planeamento Xeral |
| | | Día 25.02.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Rivas Díaz, María Encarnación 1. Planeamento urbanístico. 2. Incidencias da normativa sectorial. 3. Normas subsidiarias e complementarias. 4. Normas de aplicación directa. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |



| | | |
|-------------------|--|-----------------------|
| | | Día 03.03.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | González-Cebrian Tello, José Juan Plan Xeral de Ordenación Municipal | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |

Bloque IX

O planeamento de desenvolvemento

| | | |
|-------------------|--|-----------------------|
| | | Día 10.03.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Peña Sánchez, Óscar Os Plans parciais. Plans de Sectorización. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |

| | | |
|-------------------|---|-----------------------|
| | | Día 17.03.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Díaz Revilla, Alfonso Os plans especiais. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |

MÓDULO III: A EXECUCIÓN URBANÍSTICA

Nos módulos anteriores, se partiu do estudo do estatuto xurídico do dereito de propiedade definido pola lexislación urbanística aplicable en cada caso e con posterioridade procedeuse á elaboración do plan como documentación lexitimadora da actividade de xestión. Neste módulo aboradarase a materialización física e xuridicamente destas determinacións e o desenvolvemento da xestión do chan.

Este módulo ten como obxecto principal a análise dos instrumentos materiais e xurídicos necesarios que nos permitirán levar á práctica a execución das determinacións das leis e o plan.

En consecuencia, o contido deste módulo abarca de forma ampla as distintas figuras sistemáticas de xestión integral tanto públicas como privadas (expropiación, cooperación, compensación, axente urbanizador) así como as figuras de xestión puntual como as actuacións asistemáticas, e os convenios urbanísticos, ofrecendo un estudo amplo dos seus aspectos xurídicos como instrumentos fundamentais para a práctica urbanística.

Ao anterior engádense as figuras de materialización física da xestión como son os proxectos de urbanización e de obras de urbanización.

No conxunto da actividade destinada ao control da edificación e o seu uso a Administración goza dunha serie de instrumentos como son o outorgamento de licenzas, a esixencia do deber de conservación e ordenes de execución, ou a declaración de ruína así como os procedementos sancionadores e mecanismos para restaurar a legalidade urbanística vulnerada, como son ordénelas de execución.

Este módulo inclúe tamén a análise de todos e cada un destes instrumentos que permiten á Administración o control da legalidade no desenvolvemento da actividade urbanística.

Así mesmo complétase co estudo dos Patrimonios Públicos do Solo, os dereitos de tanteo e retracto e o dereito de superficie, cuxo coñecemento poden reportar solucións de oportunidade a problemas urbanísticos concretos.



| Bloque X | Execución do Planeamento (I): Presupostos legais |
|--|--|
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 31.03.2016</p> <p>Freire Corzo, Xosé Francisco</p> <ol style="list-style-type: none">1. Principio de desenvolvemento sostible. Normas de sustentabilidade ambiental e calidade urbana. División en distritos e sectores.2. Equidistribución. Áreas de repartición e aproveitamento tipo.3. Efectos da aprobación, publicidade, vixencia, modificación e revisión dos plans.4. Presupostos da execución. Competencia e procedemento.5. Delimitación de unidades de execución.6. Actuacións sistemáticas e illadas. <p>Exposición do traballo de planeamento urbanístico</p> |
| <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Día 07.04.2016</p> <p>Rosón López, Berta</p> <ol style="list-style-type: none">1. Fases do procedemento: cesión e equidistribución, urbanización e edificación.2. Participación da Comunidade nas plusvalías urbanísticas.3. Acción urbanística e iniciativa privada.4. Reparto equitativo de beneficios e cargas. <p>Presentación do obradoiro de xestión urbanística</p> |
| <p>Bloque XI</p> <p>09.30 h - 14:00 h</p> <p>16.00 h – 20:30 h</p> | <p style="text-align: right;">Execución do Planeamento (II): Actuacións sistemáticas</p> <p style="text-align: right;">Día 14.04.2016</p> <p>Tato Camino, Xosé Manuel. Execución xurídica dos plans urbanísticos: Estudo dos sistemas de compensación e concerto.</p> <p>Perez González, Carlos O sistema de cooperación</p> |



| | | |
|-------------------|---|-----------------------|
| | | Día 21.04.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | López Rodríguez, Lorena As expropiacións de carácter urbanístico. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |

Bloque XII

Execución do Planeamento (III): Actuacións asistemáticas

| | | |
|-------------------|--|-----------------------|
| | | Día 28.04.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Oreiro Romar, Jose Ángel 1. Actuacións asistemáticas. 2. Execución directa de dotacións públicas. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |

Bloque XIII

Execución do Planeamento (IV): A urbanización

| | | |
|-------------------|--|-----------------------|
| | | Día 12.05.2016 |
| 09.30 h – 11:30 h | Silva Seoane, Águeda 1. O proxecto de urbanización. 2. Servizos urbanos e redes de infraestrutura. | |
| 12:00 h – 14:00 h | Carbajo Capeáns, Manuel 3. Implantación de servizos e dotacións. 4. Equipamentos. O espazo público urbano. Criterios de deseño. | |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro | |



| Bloque XIV | Convenios urbanísticos |
|-------------------|---|
| | Día 19.05.2016 |
| 09.30 h - 12:00 h | José Antonio Franco Taboada Os estudos de detalle. |
| 12.00 h - 14:00 h | Bértolo García, Ulises 1. Convenio urbanístico de planeamento. 2. Convenio urbanístico de execución. 3. Convenio urbanístico de expropiación. 4. Convenio urbanístico entre Administracións Públicas. 5. Impugnabilidade dos Convenios urbanísticos. 6. Aspectos rexistrais. |
| 16.00 h – 20:30 h | Obradoiro |

| Bloque XV | Protección da legalidade urbanística |
|-------------------|--|
| | Día 26.05.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | José María Domínguez Blanco 1 Actos edificatorios irregulares. 2. Licenza de primeira ocupación. 3. Servizos de Inspección urbanística. 4. Medios de defensa dos particulares. 5. Rexime sancionador: infraccións e sancións urbanísticas. |
| 09.30 h - 14:00 h | Presentación do obradoiro de disciplina urbanística |



| Bloque XVI | Intervención Administrativa na Edificación e Uso do Solo (I) |
|--|---|
| 09.30 h - 14:00 h 16.00 h – 20:30 h | <p style="text-align: right;">Día 02.06.2016</p> <p>Raposo Arceo, Juan Rexime xurídico das servidumbres e limitacións legais ao dereito de propiedade: costas, infraestruturas, protección do patrimonio, etc.</p> <p>Obradoiro</p> |
| 09.30 h - 14:00 h 16.00 h – 20:30 h | <p style="text-align: right;">Día 09.06.2016</p> <p>Gomez Pacheco, Vanesa As licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.</p> <p>Obradoiro</p> |
| 09.30 h - 14:00 h 16.00 h – 20:30 h | <p style="text-align: right;">Día 16.06.2016</p> <p>Campos Acuña, Concepción 1.Procedemento de outorgamento de licenzas. 2.Eficacia e extinción das licenzas. 3.Revisión xurisdiccional.</p> <p>Obradoiro</p> |
| Bloque XVII | Intervención Administrativa na Edificación e Uso do Solo (II) |
| 09.30 h - 14:00 h 16.00 h – 20:30 h | <p style="text-align: right;">Día 23.06.2016</p> <p>Fernández Carballal, Almudena 1.O deber de conservación. 2.As ordes de execución. 3.Rexime da declaración de ruina. 4.Os Patrimonios Públicos do solo: municipal e supramunicipal. 5. O dereito de superficie. 6. Os dereitos de tanteo e retracto.</p> <p>Obradoiro</p> |



Bloque XVIII

Valoracións urbanísticas

| | | |
|-------------------|--|-----------------------|
| | | Día 30.06.2016 |
| 09.30 h - 14:00 h | Sanchez Espiñeira, Esther 1. Catastro. 2. Tasacións e valoracións. 3. Fiscalidade e Urbanismo. | |

Bloque XIX

Aspectos notariais e catastrais das actuacións urbanísticas

| | | |
|-------------------|---|-----------------------|
| | | Día 30.06.2016 |
| 16.00 h – 20:30 h | Pardo García, Héctor 1. Actos inscribibles. 2. Os proxectos de equidistribución. 3. As expropiacións urbanísticas. 4. Cesións de terreos. 5. Aproveitamento urbanístico. 6. Obras novas. 7. Actos de parcelación. 8. Transmisións suxeitas a tanteo e retracto. 9. Venta forzosa. 10. Anotacións preventivas. 11. Notas marxinais | |

MÓDULO IV: OBRADOIROS

Durante o curso efectuaranse varias prácticas relacionadas cos temas a desenvolver en cada módulo, onde se aplicarán os ensinados impartidos. A realización do Obradoiro realizarase en grupos multidisciplinares dun máximo de oito ou nove persoas en función das características e necesidades de cada práctica. Como exemplos destas prácticas poderán considerarse as seguintes:

1. Diagnóstico a escala territorial dun concello costeiro próximo a Santiago de Compostela.
2. Deseño de un proceso de participación cidadana.
3. Realización dun plan de desenvolvemento en ámbitos de oportunidade (urbanos ou rurais) definidos no diagnóstico territorial anterior.
4. Realización do proceso de xestión do plan de desenvolvemento.
5. Instrución de expedientes de control da legalidade urbanística
6. Instrución de expedientes de licenzas de obras e actividades.